



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de acordar a iniciación do procedemento de contratación do Servizo SAF, dado que o órgano de contratación é o Pleno para poder continuar coa tramitación do expediente.»
Data	22 de decembro de 2017
Duración	Desde as 13:30 ata as 14:30 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Regina Polín Rodríguez
Secretario	Antía Pena Dorado

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33536341H	Antía Pena Dorado	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
79324942N	Juan Antonio Rey Rivas	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1484/2017. Contrato de Servizos por procedemento aberto e multiplicidade de criterios

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 6,
Abstencións: 0, Ausentes: 0



por parte da Sra. Alcaldesa da a palabra a Secretaria da corporación que procede a dar lectura á proposta de Alcaldía, dictaminada favorablemente por a Comisión Informativa:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

INCOACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO SERVIZO DE ASISTENCIA DE AUXILIARES SAF (MODALIDADE DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA), POR PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA. EXPD 1484/2017

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu art. 11.1.f) atribúe como unha das funcións dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Dentro desta prestación e deste marco xurídico, inscríbense os servizos de atención domiciliar que aínda que dirixidos a toda a poboación, teñen como obxecto prioritario: ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu ámbito habitual.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, ten por

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ademais do réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en desenvolvemento do previsto no título VIII da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Os principios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e eficiencia na xestión dos recursos públicos introducidos no ámbito local pola Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e a Lei de 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da administración local, conlevan a necesidade de revisar a organización e funcionamento das entidades locais, revisando as competencias locais e a forma de prestar os servizos aos cidadáns.

A competencia en materia de servizos sociais pasa a ser da comunidade autónoma coa nova regulación sinalada, se ben, transitoriamente, os concellos seguirán prestados os mesmos servizos sociais que viñan prestando ata tanto sexa efectivamente asumida a competencia pola administración autonómica, ou delegada nos concellos mediante convenios de colaboración.

Se ben, a recenté Sentenza do Tribunal Constitucional de 3/03/2016 declara inconstitucional e nulo o artigo 57 bis da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 27/2013, e as disposicións final 11 e transitorias 1º,2º e 3º de dita lei, polo que corresponderá as Comunidades Autónomas regular as competencias locais e autonómicas en materia de servizos sociais e atención primaria á saúde. É a regulación autonómica actual a que permite aos concello seguir exercendo ditas competencias. Neste sentido , o artigo 3.3 da Lei autonómicas 5/2014, de 27 de maio, de medida urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, especifica que non se entenderán novas competencias “ a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”

Este concello, que ven xestionando o servizo de axuda no fogar de forma directa con medios propios, considera apropiado seguir xestionando este servizo de forma directa, sen prexuízo de externalizar mediante contrato de servizos a asistencia das auxiliares de SAF tanto na modalidade de dependencia como de libre concorrência

De conformidade cos artigos 22 e 109.1 do TRLCSP xustifícase a presente contratación na necesidade de prestar un servizo adecuado aos usuarios que o necesitan, o que non é posible actualmente por haberse agotado a bolsa de emprego de contratación de auxiliares de SAF polas numerosas baixas existentes neste persoal neste intre e polas restriccións legais á contratación de novo persoal, xa sexa fixo ou temporal. Mediante esta fórmula de contratación prestarase o servizo de auxiliares por unha empresa do sector especializada con un funcionamento máis axil que permita dar reposta as continuas necesidades de persoal por novos usuarios e substitucións temporais urxentes do persoal adscrito ao servizo.

O servizo financiase con apartacións do Concello, da Deputación Provincial de Lugo e da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no marco dos proxectos anuais de servizos sociais comunitarios municipais (programa de axuda no fogar: prestación básica e dependencia) e aportacións dos usuarios, a través de trasferencias finalistas para o seu cofinanciamento de acordo co establecido no

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O prezo do contrato ven determinado por o número de horas de prestación do servizo, establecéndose os seguintes prezos máximos unitarios:

- €€€€€€€€€€ Prezo máximo común de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os días laborables : 12,00€/hora I.V.A excluído, 12,48€/hora I.V.A. incluído (0,48 € I.V.A.).
- €€€€€€€€€€ Prezo máximo extraordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os domingos e festivos, 12,50 €/hora, IVE excluído, 13€/hora I.V.A. incluído (0,50 € I.V.A).

Tendo en conta o informe da Traballadora social no que se fai a seguinte estimación de horas:

Período SAF Dependencia: horas/mes: 3.700

horas/ano:44.400

SAF Libre concurrencia: horas/mes: 750

horas/ano: 9.000

A estimación de orzamento base de licitación, resulta de aplicar o prezo unitario por hora aos actuais usuarios do servizo, que se establece nas seguintes contías:

Servizo de libre concurrencia: 108.000 euros/ano – IVA excluído (4%)
Servizo de dependencia: 555.000 euros/ano – IVA excluído (4%).

Polo tanto o valor estimado do contrato ascende a 2.652.000 euros, sendo o importe del IVA (4%) de 106.080€, total (IVA incluído)= 2.758.080€.

Tendo en conta o valor estimado e do prazo de duración do mesmo (dous anos prorrogables por outro máis ata un máximo de 2), parece que o procedemento máis adecuado para a adxudicación do contrato é o procedemento aberto, tramitación ordinaria con multiplicidade de criterios de adxudicación. Xustifícase a súa utilización de conformidade co artigo 109.4 157 e 174 do TRLCSP.Así mesmo, dado o valor

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

estimado do contrato, o mesmo non está sometido a regulación armonizada dado o artigo 16 do TRLCSP. Os criterios obxectivos e ponderados a ter en conta para adxudicar o contrato determinaranse e xustificaranse posteriormente.

Considerando o disposto no Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, previo ditame da Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de contratación do “Servicio de axiliares de SAF (modalidade dependencia e libre concurrencia”, mediante procedemento aberto, sendo o valor estimado do contrato de 2.652.000 euros, sendo o importe del IVA (4%) de 106.080€, total 2.758.080 €(IVA incluído), e un prazo de duración de dous anos, prorrogable por outro máis ata un máximo de dous.(2+1+1)

SEGUNDO.- Que se por secretaría se emita informe xurídico e se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e pola Traballadora Social correspondente se redacten os pregos de prescrición técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que por intervención municipal se acredite a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato, e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

De seguido s Sra. Alcaldesa da a palabra ó voceiro do PP, Sr Teixido que comeza a súa intervención criticando a práctica considerada por él inadecuada de celebración de numerosos plenos extraordinarios e pon en dúbida a urxencia da celebración. Continúa a súa exposición dicindo que é sorprendente que nestes intres vostedes nós veñan con estas, xa que durante os catro anos nos que o Partido Popular de Guitiriz gobernou este concello, vostede en todos os plenos tiña unha fixación con nós, de que iamos a privatizar todos os servizos.

O único que se externalizou durante o noso mandato foi a Escola de Música.

Dicíanos que o que non queríamos era traballar (a que non quere traballar e vostede que leva toda a lexislatura sen facer nada), pois era moito máis cómodo co fixeran empresas privadas, mais nós sempre defendemos e defenderemos, que todos os servizos que se poidan prestar dende a administración, síganse prestando, pois para iso existe, se non, non tería razón de ser.

O concello ten exactamente o mesmo persoal que cando estabamos nós e, os traballadores de Axuda no Fogar (SAF), e os funcionarios/as deste concello (Servizos Sociais), sempre cumpriron co seu labor. Os usuarios e as súas familias sempre estiveron satisfeitos cos servizos prestados.

Non nos veña vostede a dicir, que está xustificada esta externalización, aínda que vostede agora non lle chama privatización.

Que lles vai a ocorrer os traballadores do concello?. Vainos botar fóra?. Vainos recolocar noutros servizos do concello?. Sabe vostede se pode facelo, xa cos contratos deses traballadores son para un fin determinado?. Vai haber subrogación de todos os traballadores/as?. Si hai subrogación, en que condicións laborais van estar estes traballadores/as?.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Nós non estamos dispostos a que esta administración local, poña os nosos maiores en mans dunha empresa privada.

Esta esgotada a bolsa de emprego creada para o SAF?

No caso de que non estea esgotada contrate xente, e no caso de que estea esgotada cree outra bolsa, que tamén o fixo para outras áreas do concello, xa que cando hai este tipo de necesidades especiais, tales como baixas, vacacións e aumento de número de horas que a Xunta de Galicia deulle en reforzo de 8.922 horas, dende o día un de setembro do ano en curso, e cun incremento do financiamento anual de 84.708,36 euros.

Recordámoslle señora Polín, co Servizo de Axuda no Fogar (SAF-DEPENDENCIA) e (SAF-LIBRE CONCURRENCIA), está practicamente financiado pola Xunta de Galicia, e agora hai unha achega económica maior da Deputación Provincial de Lugo, grazas a Deputada Elena Candia do Partido Popular, que loitou para ese aumento, e que repercutise en todos os concellos da provincia, sen distinción da cor política, non como fixeron anteriormente os seus, cando vostede era deputada socialista.

Cando nós estivemos gobernando este concello e eu era o seu Alcalde-Presidente, vostede facía todo o posible para que non tivésemos axudas económicas, nin materiais, mentres que os concellos gobernados polo seu partido si as tiñan. Non me mire así señora Polín, que estoulle dicindo verdades, que a vostede non lle gustan, pois sempre vai enredando e enganando para que pensen que fai moitas cousas, mais non fai nada.

Entón señora Polín, como se come isto?.

Había necesidade tan urxente de facer este Pleno e aprobar a incoación do expediente.

Que interese persoal oculta detrás desta urxencia?

Na segunda páxina da súa proposta pon que este servizo de SAF faise grazas a aportacións do concello, Deputación e Xunta de Galicia, e as aportacións dos usuarios. Por que vostede pon en último lugar a Xunta de Galicia, como administración autonómica no rankin de aportacións, cando é quen máis cartos aporta, practicamente a súa totalidade?

Quérenos facer parvos señora Polín?

Como xa lle dixeron hai moitos anos a un político socialista como vostede, eu repítoallo e dígo lle, ¡váíase señora Polín, váíase!.

Rematada a súa primeira intervención a Sra. Alcaldesa da uso da palabra o concelleiro no n adscrito que comeza a súa exposición dicindo que este Pleno Extraordinario no que o único punto do día é a proposta da alcaldía para a incoación do expediente de contratación de auxiliares do SAF (Servizo de axuda no fogar) con Expte. 1484/2017, no que na exposición da mesma remítese unha vez máis á Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á Lei 27/2013 racionalización e sustentabilidade da administración Local, que marcan as pautas da organización, funcionamento e competencias locais á hora de prestar servizos aos cidadáns. Pero isto non é nada novo, son unhas leis que están en vigor

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

desde hai tempo, das cales xa coñecen a miña opinión demostrada en varios plenos, pero estas non son a causa-efecto directa deste cambio de orientación que se pretende facer na vinculación deste Concello coa xestión e prestación destes servizos sociais en concreto. Porque se así fose veríamos unha catarata de concellos desvinculándose de servizos sociais desde a promulgación das leis anteriormente citadas.

Trátase dun problema claramente de xestión de persoal ao cal non soubo a Sra. Alcaldesa darlle solución, buscando a saída fácil desvinculándose do servizo, poñéndoo no mercado coma si se trátase dun servizo máis, sen ter en conta os danos colaterais que traen este tipo de decisións. As empresas privadas buscan o seu beneficio como é natural, pero ese obxectivo lexítimo nunca se debe facer á conta dos servizos sociais, que se crearon no seu día para protexer esa parte da poboación máis desprotexida como neste caso os nosos maiores. E para o meu é moi triste que un equipo de goberno baixo as siglas do partido socialista, un partido que traballou durante moitos anos en prol dos dereitos sociais e polo estado de benestar cambie o seu posicionamento progresista nestes temas polo neoliberalismo en canto deixa en mans do mercado os servizos sociais e a dependencia, isto é un paso máis cara ao final da social democracia para este Concello e unha mentira mais do programa electoral do 2015 da Sra. Polín, onde se defendía a capa e espada os servizos públicos, pero non é así, quedou ao descuberto unha vez máis as súas políticas públicas, deixando aos pés dos cabalos non só aos usuarios destes servizos, senón tamén aos traballadores e profesionais que os prestaban.

Polo tanto non estou de acordo coa incoación deste expediente e o meu voto é en contra.

De seguido ten o uso da palabra o voceiro do BNG, que comeza a súa intervención expoñendo que é a regulación autonómica actual da Xunta de Galicia a que permite aos concellos seguir exercendo e xestionando os servizos sociais.

Comenta vostede, que este concello, ven xestionando o servizo de axuda no fogar de forma directa con medios propios, e que considera apropiado seguir xestionando este servizo de forma directa, explíquese Sra. Alcaldesa o Sr. Veres enténdoo perfectamente pero os demais non o entendemos, en primeiro lugar porque o concello como di vostede xestiona cando tiña que dicir prestou e está prestando uns servizos básicos a todos os cidadáns que o necesitan.

E di vostede que sen prexuízo de externalizar mediante contrato de servizos a asistencia das auxiliares de SAF tanto na mobilidade de dependencia como de libre concorrência, aclárese Sra. Alcaldesa, vostede está xustificando a súa cada vez peor e mala xestión que leva consigo unha cada vez peor prestación destes servizos sociais básicos de cara os veciños/as.

A lexislatura anterior gobernou o PP funcionaron os servizos de axuda o fogar xestionados dende o concello e vostede que presume de liberal e socialista os vai privatizar, parece que se cambiaron os papeis.... Coa contratación que quere facer, está vostede dicíndonos que é incompetente para estar no cargo que está.

Segue dicindo, que non é posible actualmente levar estes servizos dende o concello por esgotarse a bolsa de emprego de contratación de auxiliares, porque deixou

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

chegar a estes extremos a bolsa de emprego do concello?, díganolo Sra. Alcaldesa. Ou é, que todos estes anos non se prestou o servizo de axuda o fogar e se atendeu os usuarios con todas as garantías?. Non foi adecuado o servizo?

Di vostede que mediante esta formula de contratación prestarase o servizo de auxiliares por unha empresa do sector especialista cun funcionamento mas áxil que permita dar resposta as continuas necesidades de persoal por novos usuarios e substitucións temporais urxentes do persoal adscrito ao servizo.

Volve a dicirnos que non é vostede competente, ou non ve que nos di que non ten axilidade e que vai ser máis áxil contratando unha empresa.

O certo é que a calidade do servizo vai empeorar e digo vai empeorar porque está mais que demostrado noutros concellos. O que si se vai a demostrar, é que o único que lle preocupa é que o funcionamento sexa áxil e que estean atendidos puntualmente todos os usuarios e que lle importa pouco a calidade de atención os usuarios.

De seguido ten o uso da palabra o voceiro do Grupo Independente que comeza dicindo que el na comisión informativa aceptaba o inicio do expediente, e él era partidario de contratar o servizo cunha empresa , pero que mirando a documentación parece que con eses cartos se pode pagar a 50 persoas, e indica que con esa xente o servizo tería que estar ben atendido.

De seguido fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa- Presidenta que no seu primeira intervención comeza dicindo que a ignorancia é moi atrevida, e non sabe a razón da crítica dos plenos extraordinarios, porque se se fan demostra que este equipo de goberno está a traballar. Se se fai nestes intres este pleno é porque ou nestes intres se externaliza a prestación deste servizo ou hai que deixar de prestalo.

A administración en xeral (e non so o Concello de Guitiriz) está moi mal, poñendo de exemplo a perda dunha subvención porque non houbo maneira de conseguir a ninguén para vir a traballar.

Continua dicindo que a normativa impide a contratación, e que para o ano que ven non se pode contratar xente para cubrir as vacacións. De xeito as bolsas de emprego fanse pero rápidamente non solucionan a problemática existente. De feito a principios de ano fíxose unha proposta de a xente que sería necesaria para cubrir as vacacións, pero o problema é que paulatinamente a xente se vai poñendo de baixa e non existe persoal suficiente na bolsa para cubrilas.

Sinala que agora mesmo hai 13 persoas que non disfrutaron de medio mes de vacacións, indicando ademais que hai seis persoas de baixa con carácter prolongado.

A maiores houbo outras 7 persoas que se puxeron de baixa no 2017, e debido a eso houbo que contratar unha empresa externa para cubrir estas eventualidades e cuxa factura vai ter un reparo.

Continúa dicindo que os usuarios non poden estar contentos , nin agora nin na etapa do PP, porque cada pouco teñen un cambio , e precisamente por estes usuarios tomamos esta decisión, para aqueles que teñan unha necesidade realmente estean cubertos.

Reitera o descoñecemento, e indicalle a Corporación do por qué o equipo de goberno e o resto de concellos teñen que externalizar.

Pregunta quen configurou o SAF tal como está, e chegou a ter 30 auxiliares e máis

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

de 100 usuarios.

Respecto a ausencia das traballadoras, indica que todas elas están perfectamente informadas, e saben os problemas que estamos a ter para cubrilas. Igualmente que se prevé que nos pregos que se elaboren se subroque o persoal, e será obxecto de control por as Traballadoras Sociais.

Efectivamente non é problema de cartos, senon de cómo está configurada a normativa porque impide a posible contratación.

Pon o exemplo de que en agosto empezouse o procedemento para contratar un persoa para cubrir unha baixa, que en setembro aumentou a dúas persoas e chegaron a ser 4 persoas de baixa, pero resultou que so se puido contratar a tres persoas tirando da bolsa.

Continúa referíndose ao Sr. Teixido que non lle pode botar en cara que non traballan, matizando que este ano xestionou máis subvencións este ano que vostede no seu mandato.

A Sra. Alcadesa indica que efectivamente teñen que loitar porque as traballadoras teñan os seus dereitos e que os manteñan, pero tamén teñen que traballar porque os traballadores teñan as mesmas condicións.

Respecto do valor estimado do contrato, configúrase como o tope que se gastaría, pero admitirá baixas por parte das empresas, e suporá aforro para o Concello e que se con iso se pode contratar 50 persoas, garantirase un servizo de calidade.

En alusión a que os cartos que reciben da Xunta, da Deputación e a orde que se puxo na proposta de alcaldía indica que foi redactada pola Sra. Secretaria, indicando que non cree que ela teña manía a Xunta, nin a ningunha administración.

Reitera a problemática existente para a concesión de vacacións e a imposibilidade de contratar novo persoal, preguntando se imos ser os concelleiros os que imos a cubrilas.

Referíndose ó voceiro do BNG, indícalle que non lle diga que non é de esquerdas, recordándolle que ela está aquí facendo un traballo de voluntariado, e que ela marcha para a súa casa cando vostedes o decidan.

Na segunda rolda de intervencións, o voceiro do PP, comeza dicindo que como vee, no seu mandato eles non daban solucións pero tampouco achegaban estes problemas.

Demostra agora que esa boa xestora que dicía ser cada vez é mais mala, e que está aquí para pasar o tempo, o único que lle pide é que non desfaga o que está ben feito.

Respecto de que o Sr Veres teña que estudar a fondo o tema, indica que respecto das contías seguramente dea para algunhas traballadoras máis.

Continúa dicindo que respecto da problemática dos reparos eles tamén os tiveron, e como políticos hai que asumilos.

Respecto do tema das subvencións , respóndelle que parece que eles non recibían subvencións e non tramitaban nada, e recórdalle o exemplo da Avda. do Balneario.

Finaliza a súa intervención dicíndolle que descanse e pedíndolle que deixe a alguén

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

xestionar as cousas.

De seguido, toma a palabra o concelleiro non adscrito que na segunda rolda de intervencións expón o seguinte: Ao presentar esta proposta a Sra. Alcaldesa deixou ben claro cal é a súa posición en canto aos servizos sociais que presta este concello, uns servizos que precisamente creou vostede noutros mandatos e que evidentemente se sufragan en parte con diñeiro público, ou sexa co diñeiro de todos. Pero ademais tamén me gustaría saber a opinión dos 90 veciños que son usuarios destes servizos e dos demais veciños que están en lista de espera ante esta manobra tan antisocial que pretende facer. Por que xestionar un concello é dar servizos de primeira orde, e a sociedade en xeral debe ter respostas claras ante a necesidade destes servizos por parte da administración, e neste caso a administración municipal. Servizos que teñen unha demanda en aumento e debido aos problemas demográficos e xeracionais, hai que dar unha solución estratéxica de fronte ao futuro, e non desentenderse do problema mirando para outro lado deixando en mans privadas todo este tipo de asistencia social que é un ben de todos e para todos.

Tamén me gustaría saber a opinión da concelleira responsable dos servizos sociais, dona Laura Ageitos, se cre que é unha medida progresista e moderna dar este primeiro paso que se tenta dar hoxe cara á privatización do SAF.

E por último, e non menos importante, están a trintena de traballadores do servizo de axuda no fogar, unhas persoas que fan un labor encomiable na atención dos nosos maiores e persoas dependentes, que ven impasibles toda esta serie de acontecementos que lles vai a levar a traballar baixo os intereses dunha empresa privada. E que desde aquí doulles todo o meu apoio.

Finalmente só quero dicir unha cosa Sra. Alcaldesa, cambie de políticas, priorice as súas enerxías nas políticas sociais, no benestar dos veciños e non desmantele todos os grandes servizos sociais e de dependencia.

Por parte da Sra. Alcaldesa-presidenta da o uso da palabra o voceiro do BNG que comeza dicindo que está cansa, non da feito, non pode organizar vostede todo, estámola avisando dende hai tempo, e agora trata de desentenderse dos problemas laborais xerados pola súa propia incompetencia, mediante un proceso de privatización, que para nada ten que ser máis económico, senón todo o contrario, nin vai a mellorar o servizo, pois o obxectivo de calquera empresa privada é claramente a obtención de beneficios empresariais e non a calidade do servizo.

Vostede Sra. Alcaldesa segue optando por unha política laboral de “ordenado e mando” porque nin tan sequera se digno a informar as organizacións sindicais sobre os termos e condicións nos que pretende desenvolver o proceso de privatización.

Sabemos que o que lle dicimos dende o BNG por un oído éntralle e por outro lle sae, porque dende que volve a ter maioría fai o que lle peta e lle dá a gana, pero isto non remata Sra. Alcaldesa, a vida segue, algúns afrontamos o futuro coa cabeza erguida e outros terán que agocharse e arrepentirse de todo o que están a facer.

Finalizada a súa intervención, toma o uso da palabra o voceiro do Grupo Independente, que explica que si na lexislatura pasada estivo a favor da externalización, foi porque un secretario doutro concello así llo aconsellou. As contas

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

que el fixo son con un soldo de mil euros, se a empresa o vai facer por menos ou o servizo vai ser de calidade, seguiría apoiando , se pola contra é o reves, non o faría. Pero de momento este é o inicio e non existen informes técnicos nin xurídicos nin económicos, polo que de momento o meu voto vai ser de abstención.

Rematada a súa exposición, a Sra Alcaldesa toma a palabra dicindo que en primeiro lugar non está cansada, que se non non estaría aquí, e que ten un compromiso cos veciños de Guitiriz que a votaron e que o vai manter.

Continúa dicindo que o que se trai aquí é o inicio, e que todo expediente será longo. Matiza que cando falan dun prezo de 8,47 euros hai que ter en conta que este servizo tamén traballa en festivos e domingos, no que ese prezo se incrementa. Referíndose ó voceiro do BNG, indícalle que non sabe a problemática social existente en Guitiriz, que ao longo deste anos tiveron constancia de problemas de gran calado pero que non transcenderon.

O prezo do contrato previsto, se se sube o salario das auxiliares tamén se incrementa, pero hai que dicir que é un prezo de saída ou tope, a partir de ahí admítense baixas, e si en vez de ter 30 contratadas se poden ter 50, poderíamos dar o servizo ao todo mundo, pero hai que ter en conta que o números de auxiliares se tería que incrementar soamente por cubrir as vacacións destas traballadoras. Ademáis estamos intentando prestar un servicios de calidade.

Recalca de novo o problema para cubrir un posto subvencionado pola Xunta por Aprol Rural, porque a xente non quere traballar, e de iso temos que ser conscientes.

De seguido dalle a palabra o Concelleira de Benestar social, que indica que non está dacordo para nada en privatizar ou externalizar, pero da información que foi recollendo a nivel xurídico de Secretaría –Intervención a normativa pon impedimentos a hora de novas contratacións e resulta inviable facelo de outra maneira.

Pero no que si non está dacordo e en prestar este servizo nestes termos, dado que con as novas 8.922 horas e visto que xa tiñamos 13 quincenas de vacacións sin dar, o servizo vese afogado, e as traballadoras non poden facer uso dos seus dereitos básicos, polo que non hai outra alternativa.

Pregunta á secretaria e ao interventor se existe outra alternativa,ao que responden que non se pode contestar nestes intres.

Regina insiste que non hai outra solución, pero están abertos a alternativas.

Rematado o debate sométese a votación. Compre facer unha aclaración no sentido da votación posto que o modulo de órganos colexiados nestes intres non contempla a posibilidade da existencia dun empate na votación, e que decida o voto cualificado da Alcaldía -Presidencia, e para poder desbloquear o expediente e continuar coa tramitación tivo que rexistrarse un voto favorable de 7 votos a favor e 6 en contra, pero de seguido procédese a recoller o resultado da votación orixinal:

Votos a favor:6 (PSOE)

Votos en contra :6 (PP,BNG e concelleiro non adscrito)

Abstencións: 1 (grupo independente)

Dado o empate sométese de novo a votación, acadando o mesmo resultado, polo

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

que queda aprobado favorablemente dado que decideo voto de calidade da Alcaldesa -presidenta en sentido favorable.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178